

PROPOSTA

ASUNTO: sobre creación de ordenanza de fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro de Somos Cabanas - Participación Democrática Directa presenta a seguinte proposición para o seu debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación de xaneiro de 17:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas de suministro de enerxía eléctrica, gas, auga ou hidrocarburos pagan unha taxa pola explotación que fan do servizo a través da ordenanza reguladora da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo. Segundo esta ordenanza están obrigadas a pagar o 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal.

Con todo, á vista das sentenzas 36/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e mais 2726/2016 do Tribunal Supremo (entre outras relacionadas) este Concello pode imponer un tributo por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local motivado sobre un informe económico-financeiro co fin de que estas subministradoras contribúan ao erario público e a Corporación poida exercer a potestade recadatoria municipal.

De feito, o estudo económico-financeiro baseado no informe do SAI da Federación Española de Municipios e Provincias cifra o feito imponible no 5% do valor do aproveitamento sobre unhas táboas que concretan o metro lineal de afección a dominio público municipal. O Supremo e a ordenanza fiscal do Concello de Arteixo estiman as tarifas por metro lineal segundo o tipo de tensión, baixa, media ou alta e o tipo de distribución das gasísticas ou empresas de abastecemento, e gravan con entre 2,92 y 12,35 euros cada metro de liña de alta tensión -máis de 66 quilovatios- e aplican un abono de 0,56 a 3,04 para as de media e baixa. Os cálculos que se están a facer a nivel de Estado sinalan unha expectativa para os municipios de ingresar un mínimo de 305,6 millóns anuais pola alta tensión e 477,7 pola media e a baixa, cando Endesa, Iberdrola e Gas Natural en 2015 tiveron 5.000 millóns de euros de beneficios.

Neste sentido, desde a mareal local queremos que o Pleno dea o paso para corrixir esta situación e a Corporación grave as operadoras de electricidade, hidrocarburos, auga e gas cunha taxa polo uso que fan do subsolo, solo e voo no que instalan as súas redes de distribución.

Dadas as características de histórico cruce de camiños do noso concello, no termo municipal hai quilómetros destas redes que dan servizo tanto a Cabanas como a Ferrolterra polo que se trata dunha medida fiscal cunha repercusión económica salientable. Somos conscientes que levar a cabo o inventario de redes de distribución afectadas esixirá un traballo de campo intenso e complexo para os técnicos municipais porque, antes de nada, habería que cuantificar oficialmente as redes de distribución pero consideramos que esta oportunidade de acadar unha fiscalización máis eficiente, xusta e equitativa para todo o tecido social non se pode pasar por alto.

É por iso que propoñemos crear unha nova ordenanza para regular esta materia, aplicar o marco legal vixente e desenvolvela de forma específica. Por todo isto, o Pleno **ACORDA**

Abrir e tramitar en 2017, respectando os prazos legais, o expediente de creación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos tendo en conta a documentación engadida (ordenanza número 27 do Concello de Arteixo e sentenzas xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Tribunal Supremo)

Cabanas, 10 de xaneiro de 2017

Xosé Manuel Pérez Sardiña

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CABANAS